

## 6- CRIATURAS QUE METEN MEDO ÓS NENOS

*"Tamén me contou que, cando un can ouvea dúas noite seguidas, é que vai morrer algún veciño."*

Hai varios personaxes vinculados ó medo dos rapaces no noso mundo mítico; pero aquí imos falar só dos que levan ós nenos e dos que lle fan mal.

Entre os que levan ós nenos está o Cocón, que é o máis coñecido e universal. Este personaxe é descrito como un xigantón de ollos como o lume, estómago descomunal, negro e moi peludo.

*¡Nenos! un segredo, o Cocón e algúns outros seres que atopas nesta revista, só actúan segundo a comenencia dos pais ou das nais.*

Está tamén entre os que levan ós nenos o Home do Saco, cunha figura de xigante esfarrapado e que leva ó lombo un saco, disposto a meter nel ós nenos que se portan mal.



Entre os que lle fan mal ós nenos está o Sacaúntos e o Chupasangues. O Sacaúntos ven sendo como un boticario que leva un saco e leva ós nenos ou ás rapaciñas novas que teñan o pelo louro e a pel branca, pois di que o unto das mozas é ó mellor para certos compostos medicinais.

O Chupasangues din que chupa o sangue cun canuto de madeira de buxo ós nenos que non comen. Agáchase nos recantos escuros e ás vítimas amoreas debaixo da cama.